

# SICA

Carla Subirana, 2023

# 1109

ESTREA EN NUMAX: 19.05.2023 | V.O. | +7 | 91 min

Sica está obsesionada con que o mar devolva o corpo do seu pai tras un naufraxio na Costa da Morte. Mentres percorre os acantilados coñece a Suso, "Cazatormentas", un rapaz raro como ela que espera a chegada de Ofelia, a nai de todas as tormentas. Sica investiga as circunstancias do accidente e comeza unha viaxe de descubrimento chea de dor. Aos seus ollos, a vila mariñeira onde ela medrou, marcada pola brutalidade do seu océano e o crecente desequilibrio da Natureza, xamais volverá a ser o mesmo.

«Unha historia iniciática, unha crítica do declive da industria pesqueira e o cambio climático»

Jonathan Holland, SCREENDAILY



## Entrevista con Carla Subirana: «Para min ficción e documental son dúas caras da mesma moeda»

**Como xorde este proxecto e que vai atopar o espectador con este filme?** Pois *Sica* é unha coprodución entre Cataluña e Galicia. Eu son de Barcelona e no 2016 cheguei camiñando á Costa da Morte polo Camiño dos Faros, que percorre desde Malpica ata Fisterra. E tiven un frechazo coa paisaxe. Ten unha forza increíble ese océano e vin rapidamente que aí había un filme. Esa foi a orixe do proxecto.

Para min ficción e documental son dúas caras da mesma moeda. Decidín investigar. Fun durante tres anos cada verán e fixen un traballo de campo de bastante profundidade. Fun entrevistando a viúva do patrón dun barco, dun naufraxio moi importante e dramático que houbo na Costa da Morte en 1991. Falei coa viúva, falei co fillo do patrón que naufragou.

Tiña que intentar entender o territorio ao que me estaba achegando, porque non era a miña terra natal e necesitaba comprender a súa xente, a súa maneira de falar, o ritmo que teñen na súa linguaxe, a poesía que teñen. Porque a xente mariñeira, fala da mar como se fose unha muller e tivesen toda unha relación.

Eu sentín e entendín que ese océano é como unha gran sepultura aberta. Onde xacen centos de miles de náufragos, xa que é unha das costas máis perigosas do mundo, onde hai documentados máis de 600 naufraxios. E iso, todos eses elementos, a paisaxe, a xente, esa convivencia entre vida e morte que ten a Costa da Morte fascináronme.

**No filme cobra tanta importancia a natureza como a trama. Por que querías ligar desa forma a natureza coa trama, co que ocorre cos personaxes?** Diría que *Sica* é aparentemente un filme sobre unha adolescente que está perdendo a pel da infancia. Está nesa etapa tan interesante, tan de transformación, que é entender que o mundo adulto non é exactamente o que crías. E iso xa me parece unha etapa da vida moi interesante, por iso *Sica* é a protagonista. Pero á súa vez, o primeiro reclamo, a primeira conexión, foi a paisaxe. Eu tiven que facer tamén un proceso como cineasta de entender por que iso me interesaba tanto. Eu son camiñante e gústame moito a natureza e sinto que temos un problema grande coa crise climática.

É unha cuestión que me preocupa. Fun tecendo eses diferentes temas que me interesaban, o vínculo coa nai, o achegamento da viaxe da heroína cara a nai, ese coming of age, esa adolescente que vai entendendo pouco a pouco que o seu pai mitificado ao final é un pai ausente e que a presente é a nai.

**Sobre o filme sorprendeunos bastante Thais García. Como foi o proceso de casting e que viches nela para representar este personaxe protagonista?** Fixemos un *casting* moi exhaustivo e vimos máis de 600 rapaces e rapazas. Un día apareceu Thais coa mirada baixa, mirando de vez en cando a cámara e con ese carácter que ten moita personalidade, pero que á vez é un pouco arisca. *Sica* estaba escrita así e entón de súpeto dis: “Vale, xa temos a *Sica*, *Sica* é ela”. E nese sentido, na decisión de *casting* hai moito traballo feito, eu creo que hai unha boa decisión, neste caso, de seleccionar a Thais xa na súa presenza, na súa maneira de mirar, na súa maneira de estar, que é como un gato. Xa tes gran parte do camiño feito.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Gramo Stendhal,*  
María Lado.  
Apiario, 2020

*Luces da Costa da Morte,*  
Xosé Iglesias.  
Bululu, 2022

*Contos do mar de Irlanda,*  
Xurxo Souto.  
Xerais, 2014